



Nota de prensa

ESCOLARES DE BALEARES, BARCELONA, BISCAIA, GUIPÚSCOA e PONTEVEDRA GAÑAN A 3ª EDICIÓN DO CONCURSO *IMAGINE FOOD* DA FUNDACIÓN EROSKI

- Máis de 2.800 debuxos de 237 escolas e de 91 familias aspiraban a algúns dos seis premios
- Como novidade, este ano 'Imagine Food' presentouse en dúas categorías diferentes: escolas e familias, e contou coa colaboración de 'Alimentando o Cambio' de Danone
- O cociñeiro Peio Gartzia encargárase de converter os debuxos en deliciosas e saudables receitas

Elorrio, 26 de decembro do 2019.- Os [premios *Imagine Food*](#) da [Escola de Alimentación da Fundación EROSKI](#) xa teñen gañadores da súa terceira edición, na que contou coa colaboración de 'Alimentando o Cambio' de DANONE. Dirixido a escolares de primaria, entre 6 e 12 anos, o seu obxectivo é concienciar os nenos, profesores e pais da importancia de levar unha dieta equilibrada e saudable. Para iso, nesta edición, *Imagine Food* propoñíalles aos nenos e nenas usaren a súa imaxinación e coñecementos para debuxar un almorzo, unha merenda ou un prato saudable que incluíse un lácteo, e que cumprise o requisito de ser un prato que contén alimentos sans e que lles permite aos nenos medrar de xeito saudable.

De entre os máis de 2.810 debuxos recibidos, o xurado da terceira edición de *Imagine Food* elixiu as propostas de tres escolares de Barcelona, Biscaia e Pontevedra na categoría de centros escolares, e doutros tres menores de Biscaia, Guipúscoa e Baleares, na categoría de familias.

Gañadores na categoría de centros escolares

Concretamente, na categoría de escolas, a gañadora dos escolares do primeiro ciclo de primaria (1º e 2º) foi Elena Lozano do Colexio Pineda de Barcelona coa súa proposta *Almorzo con enerxía, 4 porcións H-C*; o premio do segundo ciclo de Primaria (3º e 4º) recaeu en David Rodríguez Gregores da escola CEIP Marquesa do Paso da Mercé de Pontevedra co seu debuxo *Palmeiras de froita e iogur*; e no rango de terceiro ciclo de primaria (5º e 6º), a proposta *Hamster comellón* de Sara Pérez da escola Nuestra Señora de la Merced de Biscaia resultou vencedora.

Escolares de 237 centros escolares participaron nesta edición de *Imagine Food*. Os gañadores recibirán un premio de 2.000 euros para o seu centro escolar e cadansúa bicicleta para eles.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



Gañadores na categoría de familias

Na categoría de familias, de entre as 91 familias de EROSKI Club participantes, o xurado elixiu como gañadora no rango de 6 a 8 anos a proposta de Marc Ramos, das Illas Baleares, titulada *Xirasol para dippear*. Mikel Lasa Fernández de Guipúscoa, coa súa proposta *Froito xeado*, alzouse co premio dos participantes de 8 a 10 anos; e a proposta *Kolore Mundua*, de Ane Calleja Albandoz, de Biscaia resultou a vencedora dos participantes de 10 a 12 anos.

As familias dos gañadores desta categoría recibirán unha tarxeta regalo de EROSKI valorada en 500 euros e a nena ou o neno gañador cadansúa bicicleta.

O xurado da terceira edición de *Imagine Food* estivo integrado polo responsable da Escola de Alimentación da Fundación EROSKI, Eduardo Cifrian; a External Scientific Affairs Manager de [Danone](#), Raquel García; o coordinador da área de Entusiastas de [BCC Culinary Club](#), Mikel Oñatibia, e o cociñeiro profesional [Peio Gartzia](#). O criterio para a selección dos debuxos gañadores baseouse na orixinalidade, a estética e a idoneidade da receita para formar parte dun menú equilibrado.

Libro de receitas saudables inspirado nos debuxos dos participantes

En febreiro celebrárase a cerimonia de entrega de premios por parte do presidente de EROSKI, Agustín Markaide. Ademais, o cociñeiro Peio Gartzia encargárase, coma en edicións anteriores, de converter os debuxos en deliciosos e saudables pratos que se recollerán, xunto ás 30 propostas finalistas, nun libro que se presentará no primeiro trimestre do 2020.

Comprometidos coa prevención da obesidade infantil

A iniciativa *Imagine Food* encádrase dentro do compromiso nº3 de EROSKI en Saúde e Sustentabilidade: *Comprometidos coa prevención da obesidade infantil*. É parte das iniciativas da Escola de Alimentación da Fundación EROSKI para promover entre os máis novos unha alimentación máis sa e uns hábitos de vida máis saudables. O obxectivo deste concurso é concienciar os nenos, profesores e familias da importancia de levar unha dieta equilibrada e hábitos de vida saudables.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)